



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 20 de febreiro de 2020**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte de febreiro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(107).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 13 de febreiro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(108).- EXECUCIÓN DE SENTENZA Nº 3/2020 DO XULGADO DO CA Nº 1 DE VIGO, QUE ESTIMA O RCA EN RELACIÓN COA DESESTIMACIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR - EDUCACIÓN INFANTIL (2º ETAPA), PRIMARIA E SECUNDARIA- DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12634/111.**

Visto o informe de fiscalización do 11/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 29/01/2020, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, o xefe de Área e pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

## I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 03.05.2018, acordou aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2018-2019», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 153042/301).

I.2. As axudas con cargo a este programa están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados do termo municipal de Vigo, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2018 consignárase unha cantidade por importe de 1.200.000 € destinada, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades sociais (aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 – “*Becas libros, comedor*”), realizándose posteriormente unha ampliación orzamentaria para as axudas de comedor.

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no BOP de Pontevedra nº 94, do 16.05.2018 e o extracto da convocatoria no BOP n.º 103 do 30.05.2018.

I.5. Durante o prazo de presentación de solicitudes presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 3.450 que correspondían a 4.647 alumnas/os, das/os que 1.888 solicitaran libros e material escolar e 4.065 comedor, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases.

Rematada a instrución do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas de libros e comedor, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 18.10.2018).

I.6. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 12 deste Programa de axudas, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 08.11.2018 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria nos seguintes termos:

«*PRIMEIRO: Aprobar a ampliación en 29.247,64€ do RCFUT 201800041448 (714.219,20€) para facer fronte ó gasto representado polas axudas de comedor 2019 (xaneiro-xuño), que ascende a 743.466,84€.*

*SEGUNDO: Axudas municipais de libros e material escolar, curso 2018-2019:*



## Concello de Vigo

*2.1. CONCEDER as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.253 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e base 6ª) para obter a condición de beneficiarias/os da subvención, existindo crédito orzamentario para a súa concesión.*

*O gasto de 106.505,00€ financiaráse con cargo á aplicación nº 2310.481.00.00 - RC 201800041444 (110.000,00€) e pagarase mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616).*

*Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I, que comeza co expediente núm. 3605711003670 e remata co núm. 3605723004872.*

*2.2. DENEGAR as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 635 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria.*

*Relaciónanse no Anexo I, que comeza co expediente núm. 3605724003278 e remata co núm. 3605701003779, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.*

*TERCEIRO: Axudas municipais escolares de comedor, curso 2018-2019:*

*3.1. CONCEDER axudas municipais de comedor a 3.186 alumnas/os que reúnen os requisitos (LSG e base 6ª), que se pagarán con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, ano 2018, RC 201800041445 (375.780,80€) e RC 201800078124 (40.336,76€) RC 201800078129 (4.300,00€) e RC 201800081471 (64.000€).*

*As/os beneficiarias/os destas axudas aparecen relacionadas no Anexo II, que comeza co expediente nº 3605711003670 e remata co nº 3605712001930.*

*3.2 DENEGAR as axudas municipais de comedor ás/ós 879 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza co expediente núm. 3605714004299 e remata co nº 3605701003779, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.*

*CUARTO: Publicar a resolución desta convocatoria de axudas (Anexo III) no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no "Portal da Transparencia e bo goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>, con remisión da información necesaria á BDNS.*

*QUINTO: Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».*

I.7. Contra aquel acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal recursos potestativos de reposición. De todos eles, propúxose á Xunta de Goberno Local estimar un total de 31, por cumprir os requisitos das bases da convocatoria e desestimar os restantes; entre eles o formulado por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amelia Pozo Alonso (Exp. nº 162770/301), por entender que incumpría o requisito establecido na Base 6<sup>a</sup> relativo á residencia e ó empadramento da unidade familiar de convivencia (Acordo XGL do 02.04.2019).

I.8. Fronte a esa resolución desestimatoria a interesada presentou recurso contencioso-administrativo que foi resolto mediante sentenza do Xulgado do CA nº 1 de Vigo do 03.01.2020 que estimou a súa pretensión de recoñecemento da condición de beneficiaria desas axudas.

I.9. Esta Sentenza foi comunicada pola Asesoría xurídica municipal á Xunta de Goberno Local do 24.01.2020 (Relación nº 1/2020; Exp. nº 12638/301), ordenándose que se proceda á debida e puntual execución da mesma nos seus propios termos.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2<sup>a</sup> ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2018-2019» (XGL 03.05.2018; Bases: BOP Pontevedra nº 94, do 16.05.2018; Extracto convocatoria: BOP nº 103, do 30.05.2018).



## Concello de Vigo

- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### III. INFORME

III.1. A Sentenza nº 3/2020 do Xulgado do CA nº 1 de Vigo, de data 03.01.2020 (notificada o 07.01.2020), estima o recurso contencioso-administrativo interposto por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amelia Pozo Alonso seguido como proceso abreviado nº 222/2019 contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 02.04.2019, desestimatorio do seu recurso de reposición. Esta sentenza, que é firme, declara o dereito da recorrente a que se lle conceda a axuda solicitada (axuda de comedor) para o curso escolar 2018-2019.

III.2. Dacordo coa Bases aprobadas para aquel curso e, en concreto, coa Base 13<sup>a</sup>, o importe total desa axuda concrétase na cantidade de 385,40€: 41€/mes x 8 meses + 28,70€/mes x 2 meses (decembro e abril).

III.3. O que procede neste momento é dar cumprimento á sentenza firme do Xulgado do CA nº 1 de Vigo e dispoñer o preciso para o inmediato pagamento daquela cantidade.

III.4. É doutrina constitucional consolidada que a execución das sentenzas nos seus propios termos forma parte do dereito fundamental á tutela efectiva dos xuíces e tribunais (Art. 24.1 CE) xa que, en caso contrario, as decisións xudiciais e os dereitos que nas mesmas se recoñezan ou declaren non serían máis que meras declaracións de intencións sen alcance práctico nin efectividade ningunha.

III.5. Así, o Art. 118 da CE establece a obrigatoriedade de cumprir as sentenzas e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais e de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto. No mesmo sentido, os Arts. 17.2 e 18.2 da LOPX reiteran a obriga de executar as sentenzas en tempo e forma e o deber de todas as Administracións autoridades e funcionarios de cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes ou executables de conformidade coas leis.

Na orde xurisdiccional contencioso-administrativa a execución de sentenzas aparece regulada nos Arts. 103 e ss. da LRXCA que recollen tamén o deber de cumprimento das partes e o de colaboración de todas as persoas e entidades públicas e privadas para a debida e completa execución do resolto.

### IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previa fiscalización pola Intervención xeral municipal, que adopte o seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO: Dar cumprimento íntegro e nos seus propios termos á Sentenza nº 3/2020 do Xulgado do CA nº 1 de Vigo, de data 03.01.2020 (PA 222/2019), que estimou o recurso contencioso-administrativo interposto por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amelia Pozo Alonso (DNI nº \*\*\*0044\*\*) contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 02.04.2019 polo que se desestimou o recurso de reposición formulado contra a desestimación da solicitude de axuda presentada pola interesada ó abeiro da convocatoria de «...AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2<sup>a</sup> ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2018-2019».

SEGUNDO: En execución desta Sentenza e de conformidade coas Bases aplicables, recoñerelle a D<sup>a</sup> Amelia Pozo Alonso o dereito a percibir o importe efectivo da axuda solicitada, que ascende á cantidade de 385,40 €, que se imputará á aplicación nº 2310.481.00.00 – “*Becas libros, comedor*” dos orzamentos municipais vixentes; dispoñéndose o preciso para o inmediato pagamento desa cantidade.

TERCEIRO: Dar traslado do certificado deste acordo á persoa interesada e á Asesoría xurídica municipal para o seu envío ó órgano xudicial xunto con copia do documento acreditativo do aboamento; publicalo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir tamén a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(109).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE SANITARIA DOS COLEXIOS PÚBLICOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 23692/332.**

Visto o informe xurídico do 07/02/2020 e informe de fiscalización do 12/02/20, dáse conta do informe-proposta do 29/01/2020, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 16 de outubro de 2019, o Concelleiro de Educación e Xuventude resolveu “autorizar a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria para o mantemento integral das instalacións de calefacción e A.Q.S. dos colexios públicos dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.”

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 14/08/2019.
- Resolución do Concelleiro de Educación e Xuventude de 16/10/19 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 20/01/20 redactado polo Xefe de Área de Servizos Xerais.
- Memoria xustificativa de data 27/01/20.
- Informe de data 28/01/20 da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.



## Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 28/01/20, redactado polo servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: O obxecto do presente contrato é a realización dun mantemento integral tanto preventivo como correctivo das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo. Dito mantemento implica contratar un mantemento adecuado o que conleva, controis de equipos e instalacións, substitución de materiais e aparatos avariados e tódalas reparacións necesarias sobre as instalacións inherentes ao servizo, e elo co fin de conseguir un funcionamento correcto, continuado e eficaz, minimizando as paradas como consecuencia de avarías e optimizando o rendemento enerxético de ditas instalacións. Dentro do servizo de mantemento inclúese tamén a revisión dos depósitos de gasóleo, así mesmo, o seu retimbrado e tamén as revisións e limpeza necesarias, segundo cada caso, das instalacións que puideran ser obxecto de lexionela de acordo coas Normas e Regulamentos de aplicación fixados polas Leis en vigor, en cada momento, e elo, de acordo cos requisitos contidos no prego de cláusulas administrativas particulares e no de prescricións técnicas.

Duración: Dous (2) anos, máis unha posible prórroga de un ano de duración.

Prezo: O prezo do contrato e de 170.896,98 euros (141.237,18 € máis 29.659,80 € de IVE a soportar pola administración).

Aplicación orzamentaria: 3230 2130000 - Mantemento caldeiras calefacción depósitos G. (e bolsa de vinculación).

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adjudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a realización dun mantemento integral tanto preventivo como correctivo das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de data 20/01/20 redactado polo Xefe de Área de Servizos Xerais e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto data 28/01/20 redactado polo servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación do mantemento integral das instalacións de

calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da cidade de Vigo, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 170.896,98 € (71.207,09 € na anualidade de 2020; 85.448,49 € na anualidade de 2021 e 14.241,40 € na anualidade de 2022, para a contratación do mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da cidade de Vigo, por procedemento aberto, con cargo á partida 3230 2130000 - Mantemento caldeiras calefacción depósitos G. e bolsa de vinculación. O valor estimado do contrato estipulouse en 211.855,77 €

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(110).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 41785/444.**

Visto o informe xurídico do 11/02/2020 e o informe de fiscalización do 12/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 22/01/2020, asinado pola enxeñeira técnica industrial, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe dos servizos xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes:**

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de novembro de 2017, acordou aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria e gasto anticipado, do SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte 41785/444), así como o Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial, cos anexos do listado dos puntos de subministros de enerxía eléctrica actuais, asinados con data 7 de setembro de 2017 e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 10 de novembro de 2017.

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de xaneiro do 2018, acordou, "*Adxudicar a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (41.785-444). Sendo o prezo total do contrato o de 11.778.593,26 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.044.218,66 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada*".





## Concello de Vigo

3.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 26/02/2018, e consta na Cláusula cuarta o prazo do contrato, o cal é de dous anos, contado a partir do 1 de marzo de 2018, estando previstas dúas prórrogas de un ano cada unha.

### **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

1.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola normativa anterior en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

2.- O artigo 23 do RD lexislativo 3/2.011, de 14 de novembro, por el que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e a concorrencia para a súa adxudicación realizárase tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos o período de prórroga. A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse o consentimento tácito das partes.

3.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de novembro de 2017, establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista.

O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas cunha duración dun ano cada unha.

4.- Na actualidade o Concello de Vigo se atopa na fase de estudio de outras alternativas para a xestión das necesidades de subministro de enerxía eléctrica, e fundamentalmente en novas para unha xestión mas sostible, tanto en relación os elementos xeradores de consumo, como así mesmo en relación a unha proposta sobre utilización de enerxías renovables. Estas propostas de estudio se atopan identificadas con liñas de axudas abertas polo IDAE "Instituto para a Diversificación e aforro da Enerxía, e polo tanto na actualidade considerase conveniente propor unha continuidade do actual, xa que o mesmo responde adecuadamente as condicións actuais do mercado en relación as prestacións obxecto do mesmo, é o funcionamento dos subministros durante este prazo de execución foi satisfactorio, cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria, e desta maneira establecece un período para poder finalizar os estudos que se atopan en marcha sobre as propostas para mellorar a xestión dos consumos de enerxía eléctrica por parte do Concello de Vigo.

A vista destas consideracións considérase conveniente propor a prórroga do contrato de SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte 41785/444) por un período dun ano.

5.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª.apartado 3 do TRLCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

6.- O período da primeira prórroga do contrato comprenderá dende o 1 de marzo de 2020 ao 28 de febreiro de 2021, sendo o prezo anual do contrato de cinco millóns oitocentos oitenta e nove mil douscentos noventa e seis euros con sesenta e tres céntimos (5.889.296,63 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de un millón vinte dous mil cento nove euros con 33 céntimos (1.022.109,33 euros).

7.- O importe da prórroga imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria			2020	2021	Total
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	65.300,00 €	19.700,00 €	85.000,00 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	2.200.000,00 €	1.200.000,00 €	3.400.000,00 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	54.300,00 €	15.700,00 €	70.000,00 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	325.000,00 €	225.000,00 €	550.000,00 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	549.296,63 €	185.000,00 €	734.296,63 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	735.000,00 €	315.000,00 €	1.050.000,00 €
Total			3.928.896,63€	1.960.400,00 €	5.889.296,63 €

8.- Consta no expediente, a conformidade da mercantil *GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A*, sobre a presente proposta de prórroga.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte 41785/444), formalizado coa entidade mercantil *GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A*. polo período dun ano, comprendido dende o 1 de marzo de 2020 ata o 28 de febreiro de 2021.

Segundo- Autorizar o gasto do contrato de SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte 41785/444) a favor da entidade mercantil *GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A*. polo importe de cinco millóns oitocentos oitenta e nove mil douscentos noventa e seis euros con sesenta e tres céntimos (5.889.296,63 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de un millón vinte dous mil cento nove euros



## Concello de Vigo

con 33 céntimos (1.022.109,33 euros); todo isto de acordo cos prezos unitarios establecidos no acordo de adjudicación e as condicións recollidas no PCAP.

O gasto será de aplicación ás seguintes partidas orzamentarias, e segundo a seguinte distribución anual:

Aplicación orzamentaria			2020	2021	Total
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	65.300,00 €	19.700,00 €	85.000,00 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	2.200.000,00 €	1.200.000,00 €	3.400.000,00 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	54.300,00 €	15.700,00 €	70.000,00 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	325.000,00 €	225.000,00 €	550.000,00 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	549.296,63 €	185.000,00 €	734.296,63 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	735.000,00 €	315.000,00 €	1.050.000,00 €
Total			3.928.896,63€	1.960.400,00 €	5.889.296,63 €

Terceiro.- Notificar á mercantil GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(111).- ACTUALIZACIÓN DE RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL CONTRATADO ACOLLIDO AO “ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS SOCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007” (ACTUALIZACION SMI - REAL DECRETO-LEY 231/2020) EXPTE. 17076/77.**

Visto o informe de fiscalización do 13/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 11/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

I. O *Acordo marco de regulación das condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007*, que se atopa prorrogado para o presente ano, reflicte nos artigos 1º Contratos e retribucións (para traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego) e 9º Contratos e retribucións (para técnicos/as e xestores/as) que *as retribucións actualizaranse en función do IPC previsto para cada ano*.

II. En **expte. 16.124/77**, remitiuse á Intervención Xeral Municipal en data 10/01/2019 o informe-proposta do xefe de servizo para actualizar as retribucións incluídas nas táboas salariais do "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*", prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor do Real Decreto 1462/2018, de 21 de decembro, que fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2019, aplicando unha suba con efectos desde o 01/01/2019, a todos os traballadores e traballadoras contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego.

III. No BOE núm. 31 do 05/02/2020, publicouse o Real Decreto-Ley 231/2020, do 4 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2020 que establece no seu Art.1\_Contía do SMI, "*O salario mínimo para calquera actividades na agricultura, na industria e nos servizos, sen distinción de sexo nin idade dos traballadores, queda fixado en 31,66 euros/día ou 950,00 euros/mes, segundo que o salario estea fixado por días ou por meses*".

Tendo en conta esta modificación do SMI, cómpre a actualización, con efectos desde o 01/01/2020, das retribucións do persoal traballador/beneficiario contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego na categoría de **Traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego**, que comporta un incremento salarial nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente, por importe total de **5.866,75 €**, derivados da entrada en vigor de dita norma con cargo ás partidas indicadas a continuación:

- **"MELLORA DE ZONAS VERDES URBÁNS E BEIRARRÚAS NO BARRIO DE NAVIA"**:

- **3.622,50 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310005 "MELLORA DE ZONAS VERDES URBANAS E BEIRARRÚAS NO BARRIO DE NAVIA"

- **1.369,30 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600005 SEGURIDADE SOCIAL "MELLORA DE ZONAS VERDES URBANAS E BEIRARRÚAS NO BARRIO DE NAVIA"

- **"OE FORMAWEB III \_ALUMNADO-TRABALLADOR"**:

- **874,95 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310009 GASTOS PERSOAL "FORMAWEB III"

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de



## Concello de Vigo

Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Actualizar, de conformidade coa motivación anteriormente exposta, as retribucións incluídas nas táboas salariais do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor do Real Decreto-Ley 231/2020, do 4 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2020, por importe de 950 euros/mes con efectos desde o 01/01/2020, a todos os traballadores e traballadoras contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego, tal e como se amosa nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente.

**SEGUNDO:** Aprobar o incremento salarial por importe total de **5.866,75 €** derivados da entrada en vigor de dita norma con cargo ás partidas indicadas a continuación:

- **“OE FORMAWEB III ALUMNADO-TRABALLADOR”:**

- **874,95 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310009 GASTOS PERSOAL “FORMAWEB III”

- **“MELLORA DE ZONAS VERDES URBÁNS E BEIRARRÚAS NOS BARRIOS”:**

- **3.622,50 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310005 "MELLORA DE ZONAS VERDES URBANAS E BEIRARRÚAS NO BARRIO DE NAVIA"

- **1.369,30 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600005 SEGURIDADE SOCIAL "MELLORA DE ZONAS VERDES URBANAS E BEIRARRÚAS NO BARRIO DE NAVIA"

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ANEXO I

Táboas retributivas do persoal acollido ao "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", derivadas da actualización salarial segundo Real Decreto-Lei 231/2020, Salario Mínimo Interprofesional\_2020

### TRABALLADORES/AS BENEFICIARIOS/AS DOS PROGRAMAS DE EMPREGO:

"Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas no barrio de Navia"

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS RISGA 2020											
Grupo de cotización	Categoría	Posto	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	
5	Capataz-Construción	1	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/d	37,80	418,95	1.527,28	
8	Oficial albanel	3	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/d	37,80	418,95	1.527,28	
	Oficial fontaneiro	1	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/d	37,80	418,95	1.527,28	
	Of. xardinaria	2	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/g	34,70	384,59	1.492,93	
	Of. conducción	2	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/f	37,80	418,95	1.527,28	
10	Peón Xardinaria	8	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/g	34,70	384,59	1.492,93	
	Peón construción	10	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/d	37,80	418,95	1.527,28	

RETRIBUCIÓNS ANO 2019-2020 – BENEFICIARIOS: ALUMNADO-TRABALLADOR											
Nº de Postos	Categoría/posto	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	Grupo Cotizac.	Cotiz. SS empresa	Custo total estimado mes/ud.	Custo bruto total postos/mes	Custo total seg. Soc. Postos/mes	Custo total res-trib. Postos/mes
15	Alumnado traballador	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	D	109,39	1.217,72	18.265,85	1.640,85	16.625,00

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(112).- ACTUALIZACIÓN DE RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL CONTRATADO ACOLLIDO AO "ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS SOCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007" (INCREMENTO SALARIAL-REAL DECRETO-LEY 2/2020). EXPTE. 17069/77.**

Visto o informe de fiscalización do 13/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 5/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

I. O Acordo marco de regulación das condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007, que se atopa prorrogado



## Concello de Vigo

para o presente ano, reflicte nos artigos 1º Contratos e retribucións (para traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego) e 9º Contratos e retribucións (para técnicos/as e xestores/as) que *as retribucións actualizaranse en función do IPC previsto para cada ano.*

II. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2019, adoptou o acordo de "Actualización das táboas de retribucións de técnicos-xestores do "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007" (Exp.16151/77), derivadas da entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, aplicando unha suba na porcentaxe do 1,5 % con efectos desde o 01/01/2018 e do 0,25 % adicional con efectos desde o 01/07/2018, a todos os traballadores e traballadoras contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, agás ao persoal aos que lles resultou de aplicación a suba do salario mínimo interprofesional para o ano 2018 (peóns e auxiliares administrativos).

III. No BOE núm. 19 do 22/01/2020, publicouse o Real Decreto-Ley 2/2020, do 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, que establece no seu Art. 3 as Bases de coordinación da planificación xeral da actividade económica na materia de gastos de persoal ó servizo do sector público, dispoñendo no apartado Dous, que no ano 2020 *as retribucións do persoal ó servizo do sector público non poderán experimentar un incremento superior ó 2% respecto das vixentes a 31 de decembro de 2019.*

Tendo en conta esta disposición, cómpre a actualización e incremento do 2% en relación ás retribucións do persoal contratado con cargo ao PME - agás ao persoal beneficiario ao que lles é de aplicación a suba do salario mínimo interprofesional para o ano 2020 , resultando de aplicación con efectos desde o 01/01/2020 á categoría de **Técnicos e xestores**, que actualmente están contratados nos Obradoiro de Emprego en marcha "**Formaweb III**", segundo os importes e desglose recollidos, segundo categoría profesional, nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente.

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Actualizar, de conformidade coa motivación anteriormente exposta, as retribucións incluídas nas táboas salariais do "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*", prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor do Real Decreto-Ley 2/2020, do 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando unha suba do 2% con efectos desde o 01/01/2020, a todos os traballadores e traballadoras contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Técnicos e xestores, tal e como se amosa na táboa que se inclúe no Anexo I deste expediente.

**SEGUNDO:** Aprobar o incremento salarial por importe total de **571,92 €** derivados da entrada en vigor de dita norma con cargo ás partidas indicadas a continuación:

**- OE FORMAWEB III:**

- **430,83 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310009 *GASTOS PERSOAL "FORMAWEB III"*

- **141,09 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600009 *SEGURIDADE SOCIAL "FORMAWEB III"*

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(113).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO OBRADOIRO DE EMPREGO "VIGO CAPACITA VI" E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 17067/77.**

Visto o informe de fiscalización do 14/02/2020, dáse conta do informe-porposta do 12/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19) e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. No DOG. núm. 14, do 22 de xaneiro, publicouse a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código do procedemento TR353A).

1. Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do desemprego nas persoas maiores de 18 anos. A Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro "Patrimonio histórico", "Lagares", "Forestal", "Xardín Histórico de





## Concello de Vigo

Castrelos”, “Mar de Vigo” -I, II,III e IV- , Escola Obradoiro "Vigozoo" -I, obradoiro de emprego “Vigozoo” -I, II e III-, obradoiro de emprego "Vigo Atende", Obradoiro de emprego de Garantía xuvenil "Formaweb I, lie III", Obradoiro de emprego "VIGO CAPACITA" I, II, III, IV e V” ) un novo proxecto o Obradoiro de Emprego "**VIGO CAPACITA VI**", propoñendo as especialidades de **Cociña e Servizos de Restaurante**, pola demanda existente destas profesións na actualidade, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

II. En data 27/01/2020 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de axuda da convocatoria segundo a Orde do 27 de decembro de 2019.

As previsións de xeración de emprego no sector relacionado coa Cociña e os servizos de Restaurante levaron a este Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto "**Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VI**" e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Dacordo co establecido na Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non conleva implicitamente a aceptación da mesma.

II. O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 20 alumnos/as, 10 na especialidade de “Cociña (HOTR0408)” e os outros 10 na especialidade de “Servizos de Restaurante (HOTR0608)”, co obxectivo final de formar e cualificar ao alumnado-traballador para acadar a máxima inserción laboral do mesmo no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Promover entre o alumnado-traballador a garantía de seguridade e salubridade das actividades de hostelería así como a protección ambiental neste sector.
2. Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.
3. Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.
4. Creación de plantillas para cada sección.
5. Servizo en restaurante.
6. Servizos á comunidade, cociñando e servindo para: o comedor social La Sal de la Tierra, actos e eventos da Fundación Érguete, o comedor do propio obradoiro para servizo de persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo, os Kid's Brunches, menús degustación e Almorzos saudables dirixidos a escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade e showcookings e menús degustación en mercados da cidade.

A duración do “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VI” está establecida en 9 meses e a data prevista de inicio é o 01 de xullo do presente ano.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares, que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

Coas conformidades do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, e concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tras o informe xurídico e da Intervención Municipal, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-** **PRIMEIRO.-**

1.- Transferir á Fundación Laxeiro, CIF: G36852358, un importe de 80.000 € (oitenta mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2020, de acordo co seguinte calendario:

- ◆ Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 20.000 € (25% do importe concedido).
- ◆ *Unha segunda achega antes do 10 de abril de 2020*, por importe de 20.000,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ *Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2020*, , por importe de 20.000,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ *Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2020, por importe de 20.000,00 € (25% do importe concedido).*

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.01 "Fundación Laxeiro", que figura no orzamento de 2020 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

### **SEGUNDO.-**

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 26 de xuño de 2019, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá entre outras, a seguinte: "*e) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados*".

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Laxeiro, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da utilización parcial da Casa das Artes, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Laxeiro.

### **PRIMEIRA.-**

As liñas xerais do programa da Fundación Laxeiro consistirán, basicamente, no desenvolvemento de exposicións temporais, xestión da exposición permanente, investigación, divulgación, conservación e restauración C. Permanente..., así como calquera outra actividade derivada da finalidade da Fundación Laxeiro prevista nos seus estatutos; detalladas no programa aprobado polo Padroado da Fundación Laxeiro na súa sesión do 12 de decembro de 2019.

### **SEGUNDA.-**

O presuposto xeral da Fundación Laxeiro, aprobado polo seu Padroado con data 12 de decembro de 2019 ascende a 126.612,00 €, que a Fundación Laxeiro financiará do seguinte xeito:

- Achega do Concello de Vigo: 80.000,00 € (63,19 %)
- Xunta de Galicia: 15.000,00 € (11,85%)
- Deputación P. Pontevedra: 12.000,00 € (9,48%)
- Autofinanciamento (doazóns, vendas, outros): 11.000,00 € (8,69%)
- Reservas (conservación e restauración C. Permanente): 8.612,00 € (6,80%)

#### TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Laxeiro, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Laxeiro, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

#### CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Laxeiro e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

#### QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Laxeiro é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación Laxeiro informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

#### SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Laxeiro adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.



## Concello de Vigo

A Fundación Laxeiro asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á Fundación Laxeiro, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á Fundación Laxeiro, aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

A Fundación Laxeiro comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

### LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa financiado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, para que os elementos sexan financiábeis.

### SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

A Fundación Laxeiro achegará á concellería-delegada da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súas actividades e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

### DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN LAXEIRO.-

- a) Informe trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Laxeiro, que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do período do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos do período trimestral correspondente, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Laxeiro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación Laxeiro, achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Laxeiro
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, con antelación á súa realización.
- f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Laxeiro de cada exercicio, a presentar no mes de decembro, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
  - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
  - Memoria de prensa.
  - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Laxeiro deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concelleira-delegada de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia.

A Fundación Laxeiro deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras transferencias, subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza

#### OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Laxeiro de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.



## Concello de Vigo

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(118).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “ELIMINACIÓN DO VERTIDO EXISTENTE NA ZONA DE ALZA”- PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 1980/440.**

A Xunta de Goberno Local retira este expediente da orde do día.

### **14(119).- INTERPOSICIÓN DE RCA CONTRA RESOLUCIÓN DE AUGAS DE GALICIA POLA QUE SE APROBA O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE «EXPLOTACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA PRESA DE EIRAS E DOS SEUS EQUIPOS E INSTALACIÓNS. FORNELOS DE MONTES E PONTE CALDELAS (PONTEVEDRA)» E DISPÓN A APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXPTE. 419/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 14/02/2020, asinado polo xefe dos servizos xurídicos Servizos Xerais, o letrado de Asesoría Xurídica e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Por resolución da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas, do Ministerio de obras Públicas, de 31 de xullo de 1962, publicada no BOE de 17 de agosto de 1962, fíxose pública a autorización polo entón Ministerio de Obras Públicas ao Concello de Vigo «1ª (...) para aproveitar del río Oitaven aguas mediante la creación de un embalse regulador de unos seis millones de metros cubicos en las proximidades del lugar de Eiras, en terminos de Fanelos de Montes y Puente Caldelas (Pontevedra) con destino a la ampliación del

*abastecimiento de aguas de la ciudad», conforme ao «2ª (...) proyecto que sirvió de base a la petición, suscrito en Vigo, en febrero de 1958» «3.ª (...) El volumen medio anual que se podrá derivar será de 1.000 litros por segundo con un medio diario máximo de 1.500 litros por segundo».*

Das condicións da autorización, merece destacarse, no que aquí importa, o que segue:

*«La inspección y vigilancia de las obras e instalaciones, tanto durante la construcción como en el período de explotación del aprovechamiento quedarán a cargo de la Comisaría de Aguas del Norte de España, siendo de cuenta del Ayuntamiento concesionario las remuneraciones y gastos que por dichos conceptos se originen, debiendo dar cuenta a dicho Servicio del principio de los trabajos.*

*Una vez terminados y previo aviso del Ayuntamiento, se procedera a su reconocimiento, levantando acta en la que conste el cumplimiento de estas condiciones y expresamente se consignen los nombres de los productores españoles que hayan suministrado las maquinas y materiales empleados. sin que pueda camenzar la explotación antes de aprobar esta acta la Dirección General.*

*10ª. Queda sujeta esta concesión al pago del canon que el día de mañana pudiera establecerse por la Comisaría de Aguas del Norte de España, con motivo de las obras de regulación de la corriente realizadas por el Estado.*

*11ª. El Ayuntamiento concesionario queda obligado a cumplir, tanto en la construcción como en la explotación, las disposiciones de la Ley de Pesca Fluvial para conservación de las especies (...)*

*17ª. El Ayuntamiento concesionario queda obligado a tener las obras en perfecto estado de conservación, evitando toda clase de filtraciones que puedan originar perjuicio a tercero».*

**Segundo.-** Tal e como resulta do texto da Resolución da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas do Ministerio de Obras Públicas que vai transcrito, a explotación do encoro de Eiras, tras a súa posta en funcionamento, correspondía e foi asumida polo Concello de Vigo, que inicialmente operou a presa e prestou o servizo de abastecemento e saneamento de auga ao municipio directamente e sen órgano especial de administración. Posteriormente, o Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 30 de marzo de 1981, acordou transformar a forma de prestación do servizo municipalizado de augas para pasar a prestalo mediante xestión directa da Corporación, a través de sociedade privada municipal, a Empresa Municipal de Augas de Vigo, S.A., cuxos estatutos foron aprobados pola Corporación municipal de Vigo con data 14 de decembro do mesmo ano.

**Terceiro.-** Por Real Decreto 2792/1986, de 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de obras hidráulicas, a Administración do Estado transpasou á Comunidade Autónoma os dereitos e obrigas que á primeira correspondían en relación coa presa de Eiras; dereitos e obrigas entre os que non se contaba a operación e explotación do encoro, que correspondía ao Concello de Vigo.

**Cuarto.-** Disolta e liquidada a empresa municipal de augas que prestaba o servizo de abastecemento e saneamento de augas á Vigo e que, como prestación incluída no servizo, operaba e explotaba o encoro de Eiras, o servizo pasou a prestarse, a partir do 8 de xaneiro de





## Concello de Vigo

1991, en réxime de concesión administrativa, pola UTE Seragua-Focsa, actualmente "FCC AQUALIA, S.A. Y FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., Ley 18/1982, DE 26 DE MAYO", abreviadamente "FCC AQUALIA VIGO, U.T.E.". O obxecto do contrato de concesión é a xestión integral do "Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo" e entre os bens que se puxeron a disposición da adxudicataria para a súa explotación figura, en primeiro lugar, o encoro de Eiras; encoro, que FCC Aqualia Vigo UTE ven operando e explotando desde o inicio da concesión ata agora.

**Quinto.-** Así o veu recoñecendo, sen discusión algunha, a Subirección Xeral de Infraestruturas Hidráulicas de Galicia, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia. Sirva de exemplo o escrito de 19 de febreiro de 1996, que figura incorporado ao expediente, dirixido ao Concello de Vigo, sobre a clasificación dos encoros da bacía Galicia-Costa, no que se di:

*«O pasado día 15 de febreiro de 1996, publicouse no Diario Oficial de Galicia, o Decreto 54/1996, do 12 de xaneiro, sobre asignación de funcións ante emerxencias motivadas por variacións extraordinarias no réxime hidráulico.*

*No artigo 6 do devandito Decreto establece que a Consellería de Política Teritorial, Obras Públicas e Vivenda ten a función de clasificar os encoros en función do seu risco potencial. Así mesmo, na disposición transitoria do Decreto establécese que "os titulares de presas xa existentes deberán enviar ao órgano competente para resolver no prazo que éste fixe, non superior a un ano, a súa resposta de clasificación da presa respecto ao risco, xunto coa da información necesaria para que o mencionado órgano decida acerca da clasificación que corresponda".*

*De acordo co Decreto, **informámoslle que no prazo máximo de catro meses desde a recepción desta carta, deberán remitir a este Centro Directivo a súa proposta de clasificacións dos encoros dos que vostede é titular no ámbito territorial de Galicia-Costa (concretamente os de Eiras, Zamáns).** A devandita proposta deberá achegarse xunto coa información que permita a esta Subdirección Xeral establecer a clasificación que corresponda».*

No mesmo sentido, no escrito de 21 de agosto seguinte, de Augas de Galicia, que figura no expediente, sobre revisión dos datos das características técnicas das presas de Galicia-Costa, dirixido tamén ao Concello de Vigo, se di que:

*«En estas fechas el Ministerio de Medio Ambiente está llevando a cabo la actualización y corrección del inventario de presas, ordenándolas por Confederaciones Hidrográficas. En el ámbito de este trabajo, está prevista la publicación en breve del inventario de presas ubicadas en Galicia-Costa.*

*Dada la importancia que implica el contar con una información completa y fiable, nos ha sido remitida una ficha de cada presa, en la que se incluyen un buen número de datos técnicos relacionados con la misma.*

*El objeto que se persigue es proceder, contando con la valiosa colaboración de los organismos y empresas que explotan dichos embalses, a una revisión de estas fichas, completando los datos que faltan y modificando los que sean erróneos.*

*Con este fin se envía a cada explotador la ficha de la presa y dos hojas tituladas "Notas para el envío de Datos de Cuencas". Las correcciones de los datos de las fichas se deben efectuar, a ser posible, sobre el ejemplar que se envía y de acuerdo a las indicaciones incluidas en las dos hojas citadas anteriormente. El resto de datos solicitados a mayores se enviarán en una memoria técnica, acompañándose si es posible de fotografías de las presas y sus instalaciones o bien folletos ilustrativos de las mismas.*

***Para las presas de Eiras y Zamanes, cuya competencia recae sobre el Ayuntamiento de Vigo, fueron enviadas estas fichas junto con un escrito a Seragua-FCC, concesionaria del Servicio Municipal de Abastecimiento de Auga y Saneamiento de Vigo. Dicho escrito fue contestado por dicha empresa con fecha 18 de julio de 1996, cuya copia se adjunta a éste, donde queda reflejado su total disposición a colaborar, siempre y cuando cuente con la debida autorización del Excmo. Concello de Vigo.»***

**Sexto.-** Con data 12 de maio de 2010 a presidenta de Augas de Galicia aprobou as Normas de Explotación da presa de Eiras.

Neste documento, Augas de Galicia, se ben nomea Director da Explotación do encoro ao Xefe de Servizo de Execución e Planificación de Sistemas, de Augas de Galicia, como responsable do equipo técnico de explotación, auxiliado, polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, de Augas de Galicia en Vigo, recoñece que a explotación da Presa a realiza a concesionaria do servizo de augas do Concello de Vigo: FCC Aqualia Vigo UTE.

Así resulta das ditas Normas de Explotación e do Plan de Emerxencias da Presa de Eiras:

— Do apartado 1º —Datos administrativos— do Capítulo II, das ditas Normas de Explotación, no que textualmente se di:

«El Pleno del Excelentísimo Ayuntamiento de Vigo reunido en sesión extraordinaria el día 25 de octubre de 1990, adjudicó a Seragua FCC Vigo UTE la concesión para la explotación del Servicio Municipal de Aguas de Vigo por un periodo de veinticinco años. A finales de 2002, Seragua pasó a denominarse Aqualia, gestión integral del agua. Desde entonces, la gestión de la explotación del embalse Eiras depende de la empresa Aqualia.»

— Da referencia no capítulo na páxina 31 do Capítulo III aos equipos de emerxencia existentes na presa, que pertencen, e así o recoñecen as Normas de Explotación, a Aqualia FCC Vigo UTE.

— Do consignado no capítulo IV, das Normas de Explotación, sobre "Organización xeral da explotación e as normas", que, en relación ao persoal da explotación (paxina 3 do capítulo IV) di:

«El organigrama del personal de explotación de la Presa de Eiras se estructura en dos niveles, equipo técnico de explotación y equipo de instalaciones.



## Concello de Vigo

Al frente del organigrama general del servicio de explotación de la Presa de Eiras figura el Director de Explotación, de quien depende el Jefe de la Unidad Operativa, que a su vez es el Jefe de Explotación. Dependientes de este último se encuentran:

- Oficina técnica: Asistida en los procedimientos y seguridad y con asesoría en auscultación.
- Jefe de instalaciones: de quien dependen los vigilantes de la presa, así como los oficiales de mantenimiento y electricistas».

— Do disposto nas mesmas Normas canto ás funcións do persoal (páxinas 4 e 5 do Capítulo IV):

«Las funciones asignadas a cada uno de ellos en la Explotación normal de la presa se resumen brevemente a continuación.

El Director de Explotación estará encargado de desarrollar las siguientes funciones:

1. Coordinación de actuaciones y equipos.
2. Toma de decisión sobre intensificación de vigilancia de la presa y ejecución de medidas correctoras en el caso de acontecimiento extraordinario.
3. Contratación de persoal externo y empresas colaboradoras.
4. Información a organismos implicados.

El jefe de la Unidad Operativa (jefe de Explotación) estará encargado de desarrollar las siguientes funciones:

1. Funcionamiento en general.
2. Transmisión telefónica de datos.
3. Prestar apoyo técnico y logístico al técnico encargado de la explotación o encargado que se lo requieran.
4. Estudio de la evolución de los niveles del embalse en la Explotación.
5. Dar cumplimiento a los programas de embalse y desembalse.
6. Estudio de la evolución de los parámetros de auscultación medidos en la presa y redacción de informes.
7. Elaborar el programa anual de auscultación y mantenimiento preventivo de la instrumentación, adaptándolo al resto de tareas de explotación, mantenimiento y vigilancia de las presas con el Director de Explotación, coordinándolo en el conjunto de presas a su cargo y vigilando su cumplimiento.
8. Elaborar un programa de mantenimiento correctivo en función de lo que se vaya detectando durante el desarrollo del mantenimiento preventivo.
9. Estudiar los procedimientos constructivos que mejor se adapten a las circunstancias y a los medios disponibles, evitando demoras en las reparaciones.
10. Estudiar las mejoras técnicas que se puedan incorporar en la auscultación de la presa.

El jefe de Instalaciones tendrá entre sus cometidos, las siguientes funciones:

1. Recepción de las tomas de datos recogidas por los vigilantes.
2. Órdenes inmediatas a los vigilantes de la presa en situación de explotación normal.
3. Archivo de los datos de embalse.
4. Archivo de los datos recogidos en las labores de mantenimiento, tanto de la obra civil como de los equipos electromecánicos.

Los vigilantes realizarán las siguientes funciones

1. Inspección de presa, embalse, caminos y laderas.
2. Toma de datos de nivel en el embalse.
3. Toma de datos meteorológicos.
4. Desagüe de caudales ordenados por el Ingeniero responsable de Explotación.
5. Guardería en presa y viviendas.
6. Limpieza, engrase, pinturas y reparaciones menores en presa.
7. Reparaciones en presa y viviendas.
8. Reposición de elementos menores de electricidad.
9. Supervisión de las labores de las empresas especialistas.

El control del personal se llevará a cabo mediante partes que recojan las actuaciones del personal en los distintos cometidos a realizar. (...)».

— Das declaracións que se conteñen no Plan de Emerxencias da Presa de Eiras, canto a explotación do encoro:

#### «1. INTRODUCCIÓN:

El objeto del presente capítulo es reflejar la organización establecida tanto para las situaciones en explotación normal, como la establecida en el Plan de Emergencia , indicando así mismo los medios y recursos humanos y materiales asignados al Plan

#### 2. ORGANIZACIÓN EN EXPLOTACIÓN NORMAL

La presa de Eiras está gestionada por Augas de Galicia, Organismo al que pertenece el Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos que desempeña las funciones de Director de Explotación (Xefe de Servizo de Execución y Planificación de Sistemas) y es el responsable del equipo técnico de explotación. Además otro ingeniero realiza las funciones como Representante Local, de adjunto al Director de Explotación, ayudando a éste para la correcta explotación de la presa y en constante contacto con el personal de la presa. La identificación y localización de ambos se incluye en el Apéndice 2.

En 1990, el Ayuntamiento de Vigo adjudicó la concesión de explotación de la presa de Eiras a la empresa Seragua FCC Vigo UTE por un periodo de 25 años. A finales de 2002, Seragua pasó a denominarse Aqualia, gestión integral del agua. Desde entonces la gestión del embalse de Eiras depende de la empresa Aqualia.

La empresa Aqualia dispone de una organización que incluye personal propio para las labores normales de explotación de la presa.

Entre los empleados de la empresa con obligaciones relacionadas con las labores de explotación, mantenimiento y vigilancia de la presa se encuentran:

Jefe de la Unidad Operativa de Explotación (Jefe de Explotación)



## Concello de Vigo

Jefe de instalaciones  
Vigilantes de la presa  
Oficial electricista  
Oficial de mantenimiento».

— Do consignado no Capítulo IX das Normas de Explotación do encoro de Eiras, no que consta:

### «1. DESCRIPCIÓN Y ORGANIZACIÓN DEL EQUIPO TÉCNICO DE LA EXPLOTACIÓN

El organigrama del personal de explotación de la Presa se estructura en:

Equipo técnico:

Director de Explotación

Ingeniero Jefe de la Unidad Operativa, que es Jefe de Explotación

Jefe de Instalaciones

El personal auxiliar de explotación está integrado por:

Vigilantes de la presa

Oficial electricista

Oficial de mantenimiento

Además, la auscultación y vigilancia de la presa la realiza una empresa externa, que tiene adjudicado un contrato de asistencia técnica para realizar dichas tareas».

— Do apéndice 3 das Normas, no que se identifica e localiza o persoal arriba referido:  
«PERSONAL DE AUGAS DE GALICIA

- Servicios Centrais de Augas de Galicia

Praza Camilo Díaz 7-9 15781 Santiago de Compostela

Telef: 981 545 381

Fax: 981 544 988

Director de Explotación (Director del Plan de Emergencia): Xefe de Servizo de Execución da Planificación e Explotación de Sistemas

Demarcación Sur de Augas de Galicia

R/San Salvador, nº 2-4º 36201 Vigo

Telf: 986 817 141

Fax: 986 817 155

Representante Local del Director del Plan: Xefe de Demarcación Territorial Galicia-Sur

### PERSONAL DE AQUALIA

Oficinas de Aqualia en Vigo

R/Cantabria s/n 36206 Vigo

Telf: 986 371 178

Fax: 986 266 505

Jefe de Explotación: José Luis Cividanes Matos

Jefe de Instalaciones: Eugenio Arjones Rodríguez

Asistencia Técnica: Francisco Cañada Fernández  
Oficina de la Presa de Eiras

Oficial de Mantenimiento : Ismael Durán Ferro  
Oficial Electricista: Antonio Sanmartín Blanco

Vigilantes: Manuel Vidal Cal  
Manuel Casqueiro Casqueiro  
Manuel Domínguez Sánchez».

**Sétimo.-** Así se recoñece, tamén, no apartado Primeiro, núm. 8, da sentenza nº 249/2014, de 24 de novembro de 2014, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo, no recurso ordinario nº 58/2014, confirmada pola Sala do contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentenza de 22 de outubro de 2015, ditada no recurso de apelación núm. 4070/2015, que figuran no expediente, na que se di:

«Aqualia-FCC UTE Vigo es el titular del contrato de gestión integral del servicio municipal de abastecimiento y saneamiento de Vigo; en su virtud, se ocupa de la explotación y mantenimiento del Embalse de Eiras y de la conducción que trasvasa el agua desde esa infraestructura hasta el municipio de O Porriño. Sucedió a la UTE Sera-gua-Focsa, que había sido la inicial adjudicataria en 1991.

Por mandato de la concedente, Aqualia gira bimensualmente los recibos al Concello de Porriño conforme a los conceptos y partidas plasmados en el acuerdo municipal de 1998.

La Concesión finaliza en el año 2020».

**Oitavo.-** Con data de 14 de outubro de 2019, Augas de Galicia publicou na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o anuncio de licitación para a adxudicación, polo procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, do contrato administrativo do servizo de explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras, en Fornelos de Montes, cuxas prestacións se corresponden coas competen ao Concello de Vigo para a explotación do encoro de Eiras; prestacións que o Concello de Vigo ven realizando, tal e como vai dito, a través da súa concesionaria do servizo de augas, FCC Aqualia Vigo UTE.

Figura no expediente informe de 31 de outubro de 2019, emitido polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, no que se reflicte que os servizos obxecto da licitación de Augas de Galicia, que se detallan no prego de cláusulas técnicas do contrato que nos ocupa son os actualmente executados pola concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas e saneamento de Vigo, FCC Aqualia Vigo UTE, en base ao contrato de concesión do servizo público que finaliza en decembro de 2020.



## Concello de Vigo

**Noveno.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 31 de outubro de 2019 acordou facultar ao concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos para a interposición de recurso especial en materia de contratación e para a realización de cantas actuacións, comunicacións, recursos e requirimentos administrativos fosen pertinentes a fin de obter a declaración de nulidade do dito procedemento de contratación.

**Décimo.-** Interposto por esta Administración municipal recurso especial en materia de contratación contra o anuncio de licitación de Augas de Galicia, para a adxudicación, do servizo de explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras, e dos seus equipos e instalacións, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Xunta de Galicia o inadmitiu por considerar «que o recurso especial en materia de contratación non está previsto para dilucidar discusións entre Administracións Públicas, nin destas sobre o seu eido competencial, ou de atribucións, funcións ... sobre determinado espazo ou servizo», remitindo a resolución destas cuestións ás previsións do artigo 44 LRXCA, de acordo coa cal:

«1. En los litigios entre Administraciones públicas no cabrá interponer recurso en vía administrativa. No obstante, cuando una Administración interponga recurso contencioso-administrativo contra otra, podrá requerirla previamente para que derogue la disposición, anule o revoque el acto, haga cesar o modifique la actuación material, o inicie la actividad a que esté obligada.

(...)

2. El requerimiento deberá dirigirse al órgano competente mediante escrito razonado que concretará la disposición, acto, actuación o inactividad, y deberá producirse en el plazo de dos meses contados desde la publicación de la norma o desde que la Administración requirente hubiera conocido o podido conocer el acto, actuación o inactividad».

**Décimo primeiro.-** Á vista desta declaración, a Administración municipal formulou, en tempo hábil, requirimento previo a Augas de Galicia de anulación do acordo aprobatorio do expediente de contratación, do anuncio de licitación e dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas, para a adxudicación do devandito contrato, en base ás consideracións de Dereito que seguen:

«**PRIMEIRA.-** De canto vai dito resulta que a operación, a explotación e o mantemento e conservación da presa de Eiras, baixo a superior vixianza e control do Xefe de Servizo de Execución da Planificación e Explotación de Sistemas, de Augas de Galicia, é competencia do Concello de Vigo, que é realizada por este a través da súa concesionaria do servizo de augas, FCC Aqualia Vigo UTE. A concesión ao Concello de Vigo polo Ministerio de Obras Públicas, arriba parcialmente trasncrita, publicada no BOE de 17 de agosto de 1962, así o recoñece. O efecto do Real Decreto 2792/1986, de 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de obras hidráulicas, foi o de transferir á Comunidade Autónoma de Galicia os dereitos e obrigas que á Administración do Estado correspondían en relación coa presa de Eiras; dereitos e obrigas entre os que non se contaba a operación, explotación, mantemento e conservación do encoro de Eiras, que o título concesional atribue ao Concello de Vigo e así se recolle nas Normas de explotación e no Plan de Emerxencias da presa.

As normas de explotación da presa de Eiras, aprobadas pola Directora de Augas de Galicia o 12 de maio de 2010, recoñecen que a explotación, mantemento e conservación e operación do encoro de Eiras corresponde á concesionaria do servizo de augas do Concello de Vigo, FCC Aqualia Vigo UTE, e se ben atribúen ao Xefe de Servizo de Execución da Planificación e Explotación de Sistemas, de Augas de Galicia, a condición de Director da Explotación, coas funcións que na parte expositiva se recollen, estas non son outra cousa que funcións de superior vixianza e control que, como Administración hidráulica de Galicia, corresponden a Augas de Galicia en relación ás instalacións hidráulicas das concas hidrográficas intracomunitarias de Galicia; e isto porque a aprobación das Normas de explotación da presa de Eiras, pola directora de Augas de Galicia, en ningún caso pode supoñer un desapoderamento ao Concello de Vigo das súas competencias de explotación do encoro, que o título concesional atribúe á Administración municipal; explotación que as propias Normas de Explotación da presa —temos que volver a insistir— recoñecen ao Concello de Vigo, a través da súa concesionaria.

**SEGUNDA.-** Así as cousas, sendo competencia do Concello de Vigo a explotación e o mantemento e conservación da presa de Eiras, que a opera a través da súa concesionaria do servizo de augas municipal, o contrato que pretende concluir Augas de Galicia para a explotación mantemento e conservación do encoro, isto é, para a realización das prestacións de competencia municipal, que esta ven realizando a través da súa concesionaria do servizo de augas, é nulo de pleno dereito por absoluta falta de competencia ao carecer da titularidade da explotación da presa, do servizo que pretende contratar, porque advértase, FCC Aqualia Vigo UTE esta ligada por contrato concesional de xestión de servizo ao Concello de Vigo e non a Augas de Galicia, polo que esta non pode deixar sen efecto o contrato municipal como se dun contrato propio se tratara, o que nos leva a seguinte causa de nulidade: a imposibilidade das prestacións que Augas de Galicia pretende contratar.

**TERCEIRA.-** As prestacións, obxecto do contrato que Augas de Galicia pretende adjudicar, resultarían de execución legalmente imposible, o que constitúe unha causa de invalidez do contrato, prevista no artigo 1184 CC, pois as ditas prestacións xa están sendo realizadas pola concesionaria do servizo municipal, que é quen ocupa efectivamente e opera directamente o encoro de Eiras para a súa explotación, conservación e mantemento; ocupación, explotación, operación, mantemento e conservación da presa que FCC Aqualia Vigo UTE non podería abandonar por razóns das obrigas por ela asumidas no contrato de concesión do servizo de augas que a vincula co Concello de Vigo.

**CUARTA.-** O obxecto da licitación de Augas de Galicia son os servizos de explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións. Nos pregos da licitación indícase que «os traballos obxecto deste prego serán os adecuados e necesarios para realizar a explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións, ademais do procesamento dos datos resultado destes traballos. Por tanto realizarase a explotación, conservación e mantemento de todos os dispositivos de control, órganos de desaugadoiro, accesos e demais instalacións, equipos auxiliares e sistemas de comunicación».





## Concello de Vigo

Entre a documentación técnica complementaria do expediente de licitación figuran as Normas de Explotación, aprobadas por Augas de Galicia con data 12 de maio de 2010, vixentes na actualidade, que constitúen norma de operación desta presa, ao abeiro do disposto no Regulamento Técnico de Seguridade de Presas e Encoros, aprobado pola Orde Ministerial do 12 de marzo de 1.996 e que por tanto os licitadores deben respetar no momento de presentar as súas ofertas. Segundo estas Normas, a explotación da presa de Eiras corresponde ao Concello de Vigo, a través da súa concesionaria, circunstancia que determina, que o persoal de Aqualia realice as funcións arriba referidas, obxecto do contrato pretendido.

As devanditas Normas de Explotación, canto ás funcións do persoal (páxinas 4 e 5 do Capítulo IV) dispoñen:

«Las funciones asignadas a cada uno de ellos en la Explotación normal de la presa se resumen brevemente a continuación.

El Jefe de Explotación (don José Luis Cividanes Matos, traballador de FCC Aqualia Vigo UTE, segundo se recolle no apéndice 3 das mesmas Normas de Explotación da presa) estará encargado de desenvolver las siguientes funciones:

1. Funcionamiento en general.
2. Transmisión telefónica de datos.
3. Prestar apoyo técnico y logístico al técnico encargado de la explotación o encargado que se lo requieran.
4. Estudio de la evolución de los niveles del embalse en la Explotación.
5. Dar cumplimiento a los programas de embalse y desembalse.
6. Estudio de la evolución de los parámetros de auscultación medidos en la presa y redacción de informes.
7. Elaborar el programa anual de auscultación y mantenimiento preventivo de la instrumentación, adaptándolo al resto de tareas de explotación, mantenimiento y vigilancia de las presas con el Director de Explotación, coordinándolo en el conjunto de presas a su cargo y vigilando su cumplimiento.
8. Elaborar un programa de mantenimiento correctivo en función de lo que se vaya detectando durante el desarrollo del mantenimiento preventivo.
9. Estudiar los procedimientos constructivos que mejor se adapten a las circunstancias y a los medios disponibles, evitando demoras en las reparaciones.
10. Estudiar las mejoras técnicas que se puedan incorporar en la auscultación de la presa.

El jefe de Instalaciones (don Eugenio Arjones Rodríguez, traballador de FCC Aqualia Vigo UTE, segundo se recolle no apéndice 3 das mesmas Normas de Explotación da presa) tendrá entre sus cometidos, las siguientes funciones:

1. Recepción de las tomas de datos recogidas por los vigilantes.
2. Órdenes inmediatas a los vigilantes de la presa en situación de explotación normal.

3. Archivo de los datos de embalse.
4. Archivo de los datos recogidos en las labores de mantenimiento, tanto de la obra civil como de los equipos electromecánicos».

Canto ao persoal auxiliar, o dito Capítulo IX das Normas de Explotación do encoro de Eiras, establece que:

«El personal auxiliar de explotación está integrado por:

Vigilantes de la presa.  
Oficial electricista.  
Oficial de mantenimiento.

Además, la auscultación y vigilancia de la presa la realiza una empresa externa, que tiene adjudicado un contrato de asistencia técnica para realizar dichas tareas».

«Los vigilantes (don Manuel Vidal Cal, don Manuel Casqueiro Casqueiro e don Manuel Domínguez Sánchez, traballadores de FCC Aqualia Vigo UTE, segundo se recolle no apéndice 3 das mesmas Normas de Explotación da presa) realizarán las siguientes funciones:

1. Inspección de presa, embalse, caminos y laderas.
2. Toma de datos de nivel en el embalse.
3. Toma de datos meteorológicos.
4. Desagüe de caudales ordenados por el Ingeniero responsable de Explotación.
5. Guardería en presa y viviendas.
6. Limpieza, engrase, pinturas y reparaciones menores en presa.
7. Reparaciones en presa y viviendas.
8. Reposición de elementos menores de electricidad.
9. Supervisión de las labores de las empresas especialistas.

El control del personal se llevará a cabo mediante partes que recojan las actuaciones del personal en los distintos cometidos a realizar. (...)».

A asistencia técnica, vense desempeñando, segundo se recolle no apéndice 3 das mesmas Normas de Explotación da presa, por don Francisco Cañada Fernández, traballador de FCC Aqualia Vigo UTE e os oficiais de mantemento e electricidade son igualmente traballadores de FCC Aqualia Vigo UTE: don Ismael Durán Ferro e don Antonio Sanmartín Blanco.

O Prego de prescricións técnicas particulares da licitación que aquí se impugna recolle no seu apartado 4 a “descripción dos traballos para realizar” co seguinte contido:

«A. Dirección de explotación da presa de Eiras e operación dos seus equipos e instalacións segundo o establecido nas normas de explotación da presa de Eiras.



## Concello de Vigo

- B. Dirección do plan de emerxencia da presa de Eiras para a xestión e control das emerxencias.
- C. Mantemento e conservación dos órganos de desaugadoiro, toma de abastecemento e equipos oleohidráulicos ou similares para o seu accionamento.
- D. Mantemento e conservación das instalacións de control da presa, tanto dos edificios de control da explotación e accesos, como dos equipos auxiliares.
- E. Mantemento e conservación da instalación eléctrica incluíndo centro de transformación, grupo electrógeno e iluminación exterior e interior.
- F. Mantemento e conservación dos dispositivos de control da presa e, en particular, dos diferentes sistemas de comunicacións, sensores e equipos de automatización instalados.
- G. Mantemento e conservación do sistema de videovixilancia instalado na presa.
- H. Implantación e seguimento de sistemas de prevención de riscos laborais.
- I. Redacción de informes mensuais co resultado dos traballos.
- J. Limpeza de drenos».

Segundo se detalla no informe elaborado polos enxeñeiros de camiños municipais, que se adxunta ao presente requerimento, estes servizos coinciden cos traballos desenvoltos actualmente polo servizo municipal de abastecemento e saneamento de augas de Vigo.

A existencia dunha incoherencia entre o alcance dos servizos obxecto da licitación, segundo o contido dos pregos de prescricións técnicas e o disposto nas Normas de Explotación vixentes na actualidade, que constitúen documentación técnica complementaria da licitación, impide que os licitadores teñan un correcto coñecemento do verdadeiro alcance das prescricións do contrato en orde a concretar as súas ofertas. Vulnerando, en consecuencia os principios de igualdade e transparencia na contratación pública.

Segundo a xurisprudencia europea (sentenzas do Tribunal de Xustiza do 18 de xuño de 2002, HI, C-92/00 e Universale-Bau e outros, C-470/99) o principio de igualdade e trato implica unha obrigaón de transparencia para permitir que se garanta o seu respecto. Polo tanto, o principio de transparencia e o de igualdade implican que todas as condicións e modalidades do procedemento de licitación estean formuladas de forma clara, precisa e inequívoca no anuncio de licitación ou no prego de condicións. En consecuencia, a existencia de incoherencias determina que a licitación non se axusta ao necesario deber de transparencia, o que determina que procede a anulación da mesma.

En definitiva, a consecuencia do exposto debe ser a nulidade da licitación do contrato administrativo do servizo de explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións, xa que a existencia deste defecto vulnera os principios básicos da contratación, en particular os principios de transparencia e igualdade. En efecto, esta discrepancia é indicativa da nulidade -por falta de claridade- das condicións que rexirán o contrato, que debe extenderse ao conxunto do procedemento de contratación.

**QUINTO.-** O artigo 28 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, establece que as entidades do Sector Público saormente poderán celebrar os contratos que sexan necesarios para o cumprimento dos seus fins institucionais. En consecuencia, a natureza e a extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato projectado así como a idoneidade do obxecto e contido para satisfacerlas deben determinarse con precisión antes de que se inicie o procedemento para a adxudicación.

O artigo 40 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, establece que son causas de a anulabilidade de dereito administrativo as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, as das regras contidas na presente Lei, de conformidade co establecido no artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No presente caso, canto se leva dito conduce á conclusión de que a necesidade do contrato pretendido en modo algún está xustificada. Tan é así que Augas de Galicia, nesta punto da xustificación da necesidade do contrato limitase a sinalar que a necesidade e idoneidade da contratación deriva do feito de que a presa pertence ao ámbito territorial de Galicia-Costa e que é de titularidade da Comunidade Autónoma, en virtude do Real Decreto 2792/1982.

Esta insuficiente xustificación manifesta un descoñecemento absoluto da realidade da presa, dos dereitos recoñecidos sobre a mesma ao Concello de Vigo e do seu propio funcionamento.

No informe de insuficiencia de medios se afirma de forma xenérica que Augas de Galicia non dispón de medios necesarios para levar a cabo os traballos obxecto do contrato xa que «por motivo da natureza e condicións do obxecto contractual se require persoal moi especializado coa experiencia suficiente na materia e unha dedicación practicamente exclusiva». O informe de insuficiencia de medios non recolle referencia algunha a quen ven desenvolvendo estes traballos na actualidade.

De tal argumentación resulta unha pregunta obvia, ¿quén ven, daquela, realizando ata o momento actual as prestacións obxecto do contrato pretendido, isto é, quén ven operando e explotando a presa desde 1986? A resposta é clara: o Concello de Vigo, a través da súa concesionaria do servizo de xestión integral de augas».

**Décimo segundo.-** A presidenta de Augas de Galicia, por resolución de 8 de xaneiro de 2020, rexeitou o referido requirimento previo municipal.

Aduce, en síntese, a Presidencia de Augas de Galicia, como motivos para rexeitar o requirimento municipal: (i) que interposto pola Administración municipal recurso especial en materia de contratación contra os actos cuxa nulidade ou, subsidiariamente, anulación se requiría polo Concello de Vigo e inadmitido este polo TACGAL, tal inadmisión pon fin a vía administrativa e contra tal resolución so procede a interposición de recurso contencioso-administrativo; e (ii) que a natureza do requirimento non é a dun acto administrativo e tampouco participa da súa natureza, senón que responden a un mecanismo de acordo e entendemento entre Administracións públicas para evitar litixios polo que «non cabe interpoñer contra este acto recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo de que determine o prazo



## Concello de Vigo

para interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a actuación obxecto do requirimento».

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Os argumentos aducidos para fundamentar o rexeitamento do requirimento son exclusivamente formais e non poden ser aceptados.

O artigo 44 LRJCA establece que:

«1. En los litigios entre Administraciones públicas no cabrá interponer recurso en vía administrativa. No obstante, cuando una Administración interponga recurso contencioso-administrativo contra otra, podrá requerirla previamente para que derogue la disposición, anule o revoque el acto, haga cesar o modifique la actuación material, o inicie la actividad a que esté obligada.

Cuando la Administración contratante, el contratista o terceros pretendan recurrir las decisiones adoptadas por los órganos administrativos a los que corresponde resolver los recursos especiales y las reclamaciones en materia de contratación a que se refiere la legislación de Contratos del Sector Público interpondrán el recurso directamente y sin necesidad de previo requerimiento o recurso administrativo.

2. El requerimiento deberá dirigirse al órgano competente mediante escrito razonado que concretará la disposición, acto, actuación o inactividad, y deberá producirse en el plazo de dos meses contados desde la publicación de la norma o desde que la Administración requirente hubiera conocido o podido conocer el acto, actuación o inactividad.

3. El requerimiento se entenderá rechazado si, dentro del mes siguiente a su recepción, el requerido no lo contestara».

O TACGAL inadmitiu o recurso especial en materia de contratación interposto polo Concello de Vigo porque, tal e como xa vai dito, entende que o recurso especial en materia de contratación non está previsto para dilucidar cuestións entre Administracións úblicas, nin destas sobre o seu eido competencial, ou de atribucións, funcións ... sobre determinado espazo e/ ou servizo e que as discusións entre as Administracións non van pola vía impugnatoria prevista para os particulares, senón que o artigo 44 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contenciosa-Administrativa, establece unha regulación específica «para cando os poderes públicos discuten entre sí sobre os actos e actuacións doutro, como tales poderes públicos».

Pois ben, o Concello de Vigo, seguindo a criterio do TACGAL na súa resolución de inadmisión, acudiu ao réxime do artigo 44 LRXCA para impugnar as actuacións contractuais da Administración hidráulica de Galicia arriba referidas, formulando, en tempo habil, o requirimento previo que o dito artigo prevé, cuxo rexeitamento motiva a presente proposta de interposición de recurso contencioso-administrativo contra as devanditas actuacións contractuais.

Polo demás, cómpre ter en conta que non se recorre a resolución do TACGAL que inadmite o recurso especial de contratación interposto polo Concello de Vigo, senón a resolución de Agas de Galicia pola que se aproba o expediente para a contratación do servizo de

«explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións. Fornelos de Montes e Ponte Caldelas (Pontevedra)» e se dispón a apertura do procedemento de adxudicación, publicado por Augas de Galicia, na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o 14 de outubro de 2019; e que o esgotamento da vía administrativa pola resolución do TACGAL non exclúe a aplicación do artigo 44 LRXCA e a posibilidade de formular o requirimento previo municipal, rexeitado por Augas de Galicia, sempre que este se formalice en prazo hábil, como é no presente caso, en que o requirimento se formula o 25 de novembro de 2019, dentro do prazo de dous meses desde a publicación, o 14 de outubro de 2019, do anuncio de licitación para a adxudicación do contrato de que tratamos.

Procede, daquela, a interposición de recurso contencioso-administrativo contra o acordo de Augas de Galicia pola que se aproba o expediente para a contratación do servizo de «explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións. Fornelos de Montes e Ponte Caldelas (Pontevedra)» e se dispón a apertura do procedemento de adxudicación, publicado por Augas de Galicia, na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o 14 de outubro de 2019 e solicitar a suspensión da executividade do acordo recurrido e, en consecuencia, do procedemento de adxudicación do contrato habida conta da imposibilidade da realización das prestacións que Augas de Galicia pretende contratar e do conflito que se xeraría entre a mercantil que puidera resultar adxudicataria do contrato impugnado e a concesionaria do servizo FCC Aqualia Vigo U.T.E. que ven explotando a presa.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional 2ª LCSP), a adopción do seguinte

## **ACORDO**

Interpoñer recurso contencioso-administrativo para a declaración da nulidade de pleno dereito e, subsidiariamente, de anulabilidade, da resolución de Augas de Galicia pola que se aproba o expediente para a contratación do servizo de «explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións. Fornelos de Montes e Ponte Caldelas (Pontevedra)» e se dispón a apertura do procedemento de adxudicación, publicado por Augas de Galicia, na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o 14 de outubro de 2019, e solicitar a suspensión da executividade do acordo recurrido e, en consecuencia, do procedemento de adxudicación do contrato.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **15(120).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN “SERVIZOS DE DINAMIZACIÓN INFANTIL”. EXPTE. 9042/336.**

Visto o informe-xurídico do 17/02/2020 e o informe de fiscalización do 10/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 10/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES.**



## Concello de Vigo

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **23 de marzo de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

Adxudicar á CLECE, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos Servizos de Dinamización Infantil (expediente 4156-336), por un prezo de 495.384,60 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

Se compromete a realización de 50 obradoiros nos que se empregaran materiais tipo Pasta Jumping Clay, Hamabeads, Goma Eva, Washi Tape, Scrapbooking, Papel filigrana ou similares para o desenvolvemento de obradoiros.

Se compromete a realización de 10 actividades de excursión ou saídas didácticas de 80 participantes.

Se compromete a realización de 50 actividades de animación ou festas nos dos espazos.

Propón unha bolsa de horas de prestación do servizo sen custe para o Concello de 100 horas/anuais. Incrementa o prazo de garantía en 4 anos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2.- Con data quince de abril de dous mil quince foi asinado o contrato entre a mercantil CLECE, S.A cun prazo de execución de catro anos, e dúas prórrogas dun ano cada una, sendo a data de inicio o día 16 de abril de 2015 (segundo a cláusula 4 de dito contrato).

3.- Con data vinte e un de febreiro de 2019 foi a probada pola Xunta de Goberno Local a primeira prórroga do contrato que abarca dende 16 de abril de 2019 ata o 15 de abril de 2020, por un importe de 128.365,19 €/ano ive incluído (aprobada a 4ª revisión de prezos pola XGL o dezanove de decembro de 2019).

4.- Con data vinte e dous de febreiro de 2020 a mercantil CLECE S.A solicita a segunda e última prórroga anual do contrato que abarcará dende o 16 de abril do 2.020 ao 15 de abril de 2.021

5.- Esta Xefatura como responsable do citado contrato, fai constar que a empresa CLECE, S.A., cumpriu satisfactoriamente co establecido no mesmo desenvolvendo todas as obrigas e compromisos acordados e sen ningún tipo de incumprimento.

Á vista do exposto e ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente, previo informe da Intervención Xeral, **PROPONSE á Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte acordo:

**“PRIMEIRO.-** Prorrogar por un ano o contrato de xestión **SERVIZOS DE DINAMIZACIÓN INFANTIL** da Concellería de Xuventude, a partires do 16 de abril de 2020 e ata o 15 de abril do 2021, sendo esta a última prórroga do citado contrato, por un importe total de cento vinte e oito mil tres centos sesenta e cinco con dezanove euros 128.365,19 €/ano( IVE engadido), cantidade aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do vinte e un de febreiro de 2019, correspondendo 87.521,71 € ao exercicio 2020 e 40.843,48 € ao exercicio 2021, a favor de CLECE, S.A, con cargo á partida 3370.2279900”

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Proposta de aprobación das memorias de obras e servizos de interese social para presentar á convocatoria de “axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais-ano 2020 (TR351A)” da Xunta de Galicia. Expte. 17072/77.
  
- Proposta de aprobación da memoria *Rehabilitación de lavadoiros e reparación de pavimentos nas beirarrúas da cidade de Vigo* para presentar á convocatoria de “axudas e subvencións para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA-ano 2020” da Xunta de Galicia. Expte. 17078/77.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

#### **16(121).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS MEMORIAS DE OBRAS E SERVIZOS DE INTERESE SOCIAL PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE “AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS-ANO 2020 (TR351A)” DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 17072/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 18/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e





## Concello de Vigo

Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19) e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

I. No Diario Oficial de Galicia núm. 18, do martes, 28 de xaneiro de 2020, a Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de publicar a *“ORDE do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 (código de procedemento TR351A)”*.

A través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais por un período de contratación subvencionable que non supere os tres meses desde a súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo. En caso de contratacións a tempo parcial, de ata o 50 por 100, a dita duración máxima poderá estenderse ata os seis meses, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

A convocatoria ten, entre outros, os seguintes condicionantes:

- **Beneficiarias:** persoas desempregadas que deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas con especiais dificultades de inserción laboral, así como mulleres (preferentemente vítimas de violencia), menores de 30 anos (con preferencia os demandantes de 1º emprego ou sen cualificación profesional), persoas desempregadas de longa duración, persoas discapacitadas, maiores de 45 anos, persoas que esgotasen os subsidios ou sexan perceptoras de Risga, así como as persoas con cargas familiares.
- Os traballadores/as que fosen contratados, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2019, pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas nesta orde.
- A axuda abarca os salarios e custos empresariais segundo o convenio de aplicación xa que non exceden no caso do Concello de Vigo aos máximos que se estipulan na Orde correspondente a estas subvencións, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que en concepto de retribución ás persoas participantes debería cofinanciar o Concello de Vigo en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.
- A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- O prazo de presentación de solicitudes remata o 28 de febreiro de 2020.

Trátase dun programa de emprego para persoas traballadoras desempregadas no que as obras ou servizos deberán ser de interese xeral e social, competencia das entidades locais e cumprir os requisitos do artigo 4 da Orde, dando prioridade aos proxectos que teñan en conta as profesións que favorezan a inserción laboral. Así mesmo, a orde establece unha serie de prioridades sobre os proxectos, que sendo de maior interese xeral e social, se realicen preferentemente nalgunha das actividades contempladas no artigo 11º.4.

É por isto que desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local se solicitou aos distintos departamentos municipais susceptibles de poder elaborar proxectos da actuación de interese para o seu ámbito competencial, cuxas obras ou servizos sexan de interese xeral e social, e que puidesen acollerse a esta subvención, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal, que a formación obrigatoria do persoal traballador é responsabilidade do departamento ao que estes se adscriban, e que, así mesmo, os custos de materiais, de funcionamento e cartel explicativo deben ser asumidos por cada departamento. Ademais, as obras ou servizos que se desenvolverán mediante a actividade destas persoas traballadoras desempregadas deberán ser de interese xeral e social.

Para o presente ano 2020 e, de resultas da solicitude enviada, a área de Medio Ambiente e Vida Saudable (VIGOZOO), o servizo de Limpeza e o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, achegaron memorias, por un importe total de **260.493,8 €**, resultando as contratacións indicadas no cadro que se achega, facendo un total de **57** persoas traballadoras naqueles ámbitos nos que, segundo as indicacións dos/as responsables técnicos e concelleiros/as, existía unha maior necesidade de actuación; aplicando o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, subsidiariamente vixente e coas táboas salariais actualizadas co novo SMI.

O servizo de Limpeza propón dúas actuacións para a realización de servizos de interese xeral e social, competencia deste Concello de Vigo, estando a actividade encadrada no artigo 11.4.a).3º da Orde do 20 de decembro de 2019 reguladora das bases da convocatoria, entre os *“servizos relacionados coa utilidade colectiva, tales como: mantemento e revalorización de zonas públicas e conservación ambiental, xestión de augas, xestión de residuos, protección e mantemento de zonas e espazos naturais, así como aquelas que incidan, directa ou indirectamente, no control da enerxía”*.

A Área de Medio Ambiente e Vida Saudable propón unha actuación para a realización de obras de mantemento, recuperación e mellora das zonas verdes e axardinadas e de mellora das instalacións para animais do Parque zoolóxico “VIGO ZOO”, apoiando o novo enfoque e finalidade en aula de natureza das instalacións e mellorando a calidade de vida dos animais; estando a actividade encadrada no artigo 11.4.a).3º da Orde do 20 de decembro de 2019 reguladora das bases da convocatoria, entre os *“servizos relacionados coa utilidade colectiva, tales como: mantemento e revalorización de zonas públicas e conservación ambiental, xestión de augas, xestión de residuos, protección e mantemento de zonas e espazos naturais, así como aquelas que incidan, directa ou indirectamente, no control da enerxía”*.

O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local propón unha actuación para impulso do Banco do Tempo do Concello de Vigo para fomento dunha sociedade colaborativa, a fin de fomentar a asociación, a colaboración, a participación e a implicación na xestión do



## Concello de Vigo

espazo público, entendendo este como lugar de convivencia onde se produce, neste caso, o intercambio do tempo dispoñible e necesario para articular medidas de apoio, que melloren a vida dos veciños e veciñas, estando a actividade encadrada nos proxectos que redunden en beneficio da comunidade previstos no artigo 11.4.a).5º da Orde do 20 de decembro de 2019 reguladora das bases da convocatoria.

No seguinte cadro resúmense os datos básicos dos proxectos presentados polos servizos e dos que finalmente serán achegados á convocatoria de axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, especificando, para cada un deles, o número de perfís das persoas traballadoras solicitadas, a duración da obra ou servizo e o custo salarial (que equivale á subvención que se solicita), con periodos de contratación de 3 meses a xornada completa e periodo de 6 meses e unha xornada do 50%.

SERVIZO	MEMORIA	PERSOAL	CUSTO SALARIAL
LIMPEZA	PLAN DE ATENCIÓN PERMANENTE NO RURAL DE VIGO, PARA LIMPEZA DE CAMIÑOS E ESPAZOS NATURAIS MEDIANTE BRIGADAS DE PROXIMIDADE.	18	82473,3
LIMPEZA	PLAN DE LIMPEZA DE PRAIAS	19	87055,15
VIGOZOO	ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS VERDES E REFORMA DE INSTALACIÓNS PARA A MELLORA DA HABITABILIDADE DOS ANIMAIS DAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO	16	73309,6
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO LOCAL	IMPULSO DO BANCO DO TEMPO DO CONCELLO DE VIGO PARA O FOMENTO DUNHA SOCIEDADE COLABORATIVA	4	17655,75
	TOTAL	57	260493,8

### PERIODOS DE CONTRATACIÓN:

- **LIMPEZA:**
  - 3 meses a xornada completa.
- **VIGOZOO:**
  - 3 meses a xornada completa.
- **PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO LOCAL:**
  - 6 meses a media xornada (50%).

Para o desenvolvemento das actividades previstas nas memorias calcúlanse os seguintes gastos:

• <b>LIMPEZA:</b>		
- <b>PLAN ATENCIÓN NO RURAL:</b>	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
VESTIARIO E EPI'S	2.606,15€	1630.2210400
CARTEIS IDENTIFICATIVOS	350,00 €	1630.2219901
- <b>PLAN LIMPEZA PRAIAS:</b>	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
VESTIARIO E EPI'S	2.840,14 €	1630.2210400

CARTEIS IDENTIFICATIVOS	350,00 €	1630.2219901
• <b>VIGOZOO:</b>		
	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
VESTIARIO E EPI'S	4.271,72 €	3371.2210400
MATERIAIS DE OBRA	9.000,00 €	3371.2120000
FERRETERÍA	4.000,00 €	3371.2219901
MATERIAL ELÉCTRICO/FONTANERÍA	3.000,00 €	3371.2120002
ADECENTAMENTO DE XARDÍNS	6.000,00 €	3371.2120001
FORMACIÓN EN PRL	1.950,00 €	3371.2279903
• <b>PARTICIPACIÓN CIDADÁ:</b>		
	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	3.360,00 €	9240.1620000
CARTEIS IDENTIFICATIVOS	280,00 €	9240.2279906

De conformidade co anteriormente exposto, previo informe da Intervención Xeral Municipal, dacordo co disposto no artigo 127.g) da LMMGL e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía de data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar as memorias que se achegan no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2020, e que se resumen no cadro que se achega no Anexo I:

- Limpeza:
  - “Plan de atención permanente no rural de Vigo, para limpeza de camiños e espazos naturais mediante brigadas de proximidade.”
  - “Plan de limpeza de praias”
- Área de medio ambiente e vida saudable- VIGOZOO:
  - “Acondicionamento de espazos verdes e reforma de instalacións para a mellora da habitabilidade dos animais das instalacións de VIGOZOO”
- Servizo de participación cidadá e desenvolvemento local:
  - “Impulso do banco do tempo do concello de Vigo para o fomento dunha sociedade colaborativa



## Concello de Vigo

**SEGUNDO:** Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **260.493,8 €** para o desenvolvemento das memorias aprobadas.

**TERCEIRO:** Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle poidan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.

**CUARTO:** Delegar no concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, D. Abel Losada Álvarez a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

ANEXO I: Resumo de proxectos solicitados polos servizos:

SERVIZO	MEMORIA	PERSONAL	CUSTO SALARIAL
LIMPEZA	PLAN DE ATENCIÓN PERMANENTE NO RURAL DE VIGO, PARA LIMPEZA DE CAMIÑOS E ESPAZOS NATURAIS MEDIANTE BRIGADAS DE PROXIMIDADE.	18	82473,3
LIMPEZA	PLAN DE LIMPEZA DE PRAIAS	19	87055,15
VIGOZOO	ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS VERDES E REFORMA DE INSTALACIÓNS PARA A MELLORA DA HABITABILIDADE DOS ANIMAIS DAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO	16	73309,6
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO LOCAL	IMPULSO DO BANCO DO TEMPO DO CONCELLO DE VIGO PARA O FOMENTO DUNHA SOCIEDADE COLABORATIVA	4	17655,75
TOTAL		57	260493,8

### **SERVIZO DE LIMPEZA**

**- PLAN ATENCIÓN NO RURAL:**

Grupo de cotización	Categoría	Posto	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	3 meses 100% Xornada
8	Auxiliar administrativo	1	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/d	37,80	418,95	1.527,28	4.581,85 €
	Of. xardinaria	5	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/g	37,80	418,95	7.636,42	22.909,25 €
	Of. conducción	2	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/f	37,80	418,95	3.054,57	9.163,70 €
10	Peón Xardinaria	10	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/g	37,80	418,95	15.272,83	45.818,50 €
		18									82.473,30 €

ORZAMENTO E PARTIDA ORZAMENTARIA:

**- PLAN ATENCIÓN NO RURAL:**

	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
VESTIARIO E EPI'S	2.606,15€	1630.2210400
CARTEIS IDENTIFICATIVOS	350,00 €	1630.2219901

o **PLAN LIMPEZA PRAIAS:**

Grupo de cotización	Categoría	Posto	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	3 meses 100% Xornada	
8												
	Of. xardinaria	4	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/g	37,80	418,95	6.109,13	18.327,40 €	
	Of. conducción	3	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/f	37,80	418,95	4.581,85	13.745,55 €	
10	Peón Xardinaria	12	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/g	37,80	418,95	18.327,40	54.982,20 €	
											19	87.055,15 €

ORZAMENTO E PARTIDA ORZAMENTARIA:

- PLAN LIMPEZA PRAIAS:	Importe	Partida
VESTIARIO E EPI'S	2.840,14 €	1630.2210400
CARTEIS IDENTIFICATIVOS	350,00 €	1630.2219901

**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE- VIGOZOO:**

<b>Acondicionamento de espazos verdes e reforma de instalacións de Vigo Zoo</b>												
<b>RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO_2020</b>												
Grupo cotiz.	Categoría	Postos	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total (bruto+sso cial)	3 meses 100% Xornada	
8	Oficial xardinaria	2	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/d	37,80	418,95	3.054,57 €	9.163,70 €	
	Oficial albanel	2	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/d	37,80	418,95	3.054,57 €	9.163,70 €	
	Oficial fontaneiro	1	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/d	37,80	418,95	1.527,28 €	4.581,85 €	
	Of. electricista	1	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/f	37,80	418,95	1.527,28 €	4.581,85 €	
10	Peón xardinaria	5	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/d	37,80	418,95	7.636,42 €	22.909,25 €	
	Peón construción	5	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/d	37,80	418,95	7.636,42 €	22.909,25 €	
											16	5.541,67 €
												<b>73.309,60 €</b>

ORZAMENTO E PARTIDA ORZAMENTARIA:

ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS VERDES E REFORMA DE INSTALACIÓNS DE VIGOZOO	Importe	Partida
VESTIARIO E EPI'S	4.271,72 €	3371.2210400
MATERIAIS DE OBRA	9.000,00 €	3371.2120000
FERRETERÍA	4.000,00 €	3371.2219901
MATERIAL ELÉCTRICO/FONTANERÍA	3.000,00 €	3371.2120002
ADECENTAMENTO DE XARDÍNS	6.000,00 €	3371.2120001
FORMACIÓN EN PRL	1.950,00 €	3371.2279903



**Concello de Vigo**

**SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO LOCAL:**

Grupo Cotización	Posto	Categoría	Salario mes 50% xornada	Plus extrasalarial	Import bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotizac SS empre	Cotización por trabalpos	Custe total estimado	Custe posto/mes	CUSTO SALARIAL / BASE DE COTIZACIÓN 6 meses. (A)	COTA PATRONAL Á SEG. SOCIAL 6 meses (B)	INDEMNIZACIÓN 4 días. (C)	TOTAL CUSTO (A+B)
8	4	Animador Sociocultural ao 50%	475,00	79,17	554,17	554,17	84/d	32,75	181,49	725,96	735,66	2.942,63	13.300,00	4.355,75	295,56	17.655,75

**ORZAMENTO E PARTIDA ORZAMENTARIA:**

	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
• <b>IMPULSO DO BANCO DO TEMPO DO CONCELLO DE VIGO PARA FOMENTO DUNHA SOCIEDADE COLABORATIVA:</b>		
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	3.360,00 €	9240.1620000
CARTEIS IDENTIFICATIVOS	280,00 €	9240.2279906

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(122).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MEMORIA REHABILITACIÓN DE LAVADOIROS E REPARACIÓN DE PAVIMENTOS NAS BEIRARRÚAS DA CIDADE DE VIGO PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE “AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA-ANO 2020” DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 17078/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 17/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 11/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

*No Diario Oficial de Galicia núm. 18, do martes 28 de xaneiro de 2020, a consellería de Economía, Emprego e Industria vén de publicar a “ORDE do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a*

*entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR351F).”*

A través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais por un periodo de contratación subvencionable de nove (9) meses e a xornada de traballo será como máximo do 75%, non podendo, en ningún caso, ser inferior ao 50%, de persoas en situación ou risco de exclusión social cunha antigüedad mínima de seis meses como receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

A convocatoria ten, entre outros, os seguintes condicionantes:

- Beneficiarias: persoas receptoras da Risga e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas receptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.
- Máximo de ata 40 contratacións, tendo en conta que Vigo ten máis de 700 persoas receptoras da Risga.
- A axuda abarca os salarios e custos empresariais segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade, en concepto de retribución ás persoas participantes, que o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.
- A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- O prazo de presentación de solicitudes remata o 28 de febreiro de 2019.

É por isto que desde Desenvolvemento Local e Emprego solicitouse ao departamento municipal de Vías e Obras dependente da Área de Fomento, actuacións de interese para o seu ámbito competencial que puidesen acollerse a esta subvención.

Para o presente ano 2020 e, de resultas desta solicitude, o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local achega memoria, por un importe total de **247.419,90 €** resultando as contratacións indicadas no cadro que se achega, facendo un total de 24 persoas traballadoras naqueles ámbitos nos que existiría unha maior necesidade de actuación; aplicando o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, vixente para este ano e coas táboas salariais actualizadas ao Salario Mínimo Interprofesional de 2020.

Resúmense no cadro que se xunta á presente proposta os datos básicos do proxecto presentado polo servizo que finalmente serán presentados á convocatoria de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da Risga neste ano 2020, especificando, o número de perfís das persoas traballadoras solicitadas, a duración da obra ou servizo e o custo salarial (que





## Concello de Vigo

equivale á subvención que se solicita), cun periodo de contratación de 9 meses e unha xornada do 75%.

**Memoria: “Rehabilitación de lavadoiros e reparación de pavimentos nas beirarrúas da cidade de Vigo”**

**N.º persoas a contratar: 24**  
**Custos Salariais: 247.419,90 €**

### PERIODOS DE CONTRATACIÓN:

- **Desenvolvemento Local e Emprego**
  - 9 meses e co 75% da xornada (28 horas 7,5 minutos semanais)

Para o desenvolvemento das actividades previstas na memoria a aportación económica do Concello de Vigo contempla os seguintes gastos que se relacionan a continuación:

◦ 2410 2100000MATERIAIS CONSTRUCIÓN E OBRAS	36.905,14 €
◦ 2410 2210400VESTIARIO PROGRAMAS DE EMPREGO	6.848 €
◦ 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE	8.400 €
◦ 2410 2279913FORMACIÓN PRL	1.970 €
◦ 2410 2260200CARTEIS	280 €

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Con carácter previo á adopción do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello, sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que deriven do outorgamento da subvención.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas

mediante Decreto de Alcaldía de data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

1. Aprobar a memoria do servizo de *Desenvolvemento Local e Emprego, “Rehabilitación de lavadoiros e reparación de pavimentos nas beirarrúas da cidade de Vigo”*, que se xunta para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga para o ano 2020, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.
2. Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **247.419,90 €** para o desenvolvemento da memoria aprobada.
3. Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.
4. Delegar no concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, *D. Abel Losada Álvarez* a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

ANEXO I: Resumo de proxecto memoria do servizo:

#### “Rehabilitación de lavadoiros e reparación de pavimentos nas beirarrúas da cidade de Vigo”

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO 2020												
Grupo de cotización	Categoría	Postos	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total (bruto+social)	9 meses 75% Xornada	
5	Capataz-Construción	1	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/d	37,80	418,95	1.527,28 €	10.309,16 €	
8	Oficial albanel	4	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/d	37,80	418,95	6.109,13 €	41.236,65 €	
	Oficial fontaneiro	2	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/d	37,80	418,95	3.054,57 €	20.618,33 €	
	Of. conducción	3	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/f	37,80	418,95	4.581,85 €	30.927,49 €	
10	Peón construción	14	950,00 €	158,33 €	1.108,33 €	1.108,33	84/d	37,80	418,95	21.381,97 €	144.328,28 €	
											<b>247.419,90 €</b>	

24

#### PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

- 2410 2100000MATERIAIS CONSTRUCIÓN E OBRAS 36,905,14 €
- 2410 2210400VESTIARIO PROGRAMAS DE EMPREGO 6.848 €
- 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE 8.400 €
- 2410 2279913FORMACIÓN PRL 1.970 €
- 2410 2260200CARTEIS 280 €

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**18(123).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez